

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E CINCO DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E UN.

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas do día vinte e cinco de marzo de dous mil vinte e un, ten lugar reunión en primeira convocatoria de Xunta de Goberno Local de Valdoviño, para celebrar sesión ordinaria. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, e asisten os concelleiros/as: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa. Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes:

Orde do Día

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN: 11.02.21

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, aprobou a acta da sesión citada.

2º.- DEVOLUCIÓN DE DÚAS FIANZAS EN METÁLICO DEPOSITADAS POR APPLUS NORCONTROL S.L.U.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE FIANZAS DEPOSITADAS EN METÁLICO:

“Visto que en data 29/03/2019 por Applus Norcontrol, S. L. U. procedeuse ao ingreso na conta bancaria do Concello dos importes de 1.781,60 euros en concepto de fianza definitiva de expediente de obras nº 113/2018 e de 433,19 euros en concepto de garantía definitiva de expediente de obras nº 118/2018.

Visto que en data 17/04/2019 por UFD Distribución Electricidad, S. A. foi presentado un aval bancario por importe de 1781,60 euros para responder e garantir a correcta execución das obras do expediente nº 113/2018 e outro aval bancario por importe de 433,19 euros para responder e garantir a correcta execución das obras do expediente nº 118/2018

Considerando que en data 26/09/2019 por por Applus Norcontrol, S. L. U. presentouse escrito solicitando a devolución dos ingresos efectuados en data 29/03/2019 alegando que por erro realizaron o ingreso en metálico das fianzas requiridas para os expedientes 113/2018 e 118/2018.

Considerando que, evidentemente, unha mesma obriga non debe estar garantida por duplicado a través dunha fianza en metálico e á vez cun aval bancario como é o presente caso que nos ocupa toda vez que as obras dos expedientes indicados atópanse garantidas por fianza en metálico e por aval bancario; en virtude das facultades conferidas polo

artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03 esta Alcaldía

PROPÓN:

PRIMEIRO.- Devolver as fianzas en metálico por importe de 1.781,60 euros e 433,19 euros depositadas en data 29/03/2019 por Applus Norcontrol, S. L. U. con NIF B15044357 para garantir a correcta execución das obras correspondentes aos expedientes 113/2018 e 118/2018 toda vez que xa constan depositados os avais bancarios indicados para garantir a correcta execución das obras.

SEGUNDO.- Proceder ao ingreso das fianzas depositadas en metálico polo importe de 1.781,60 euros e 433,19 euros na conta bancaria titular de Applus Norcontrol, S. L. U. nº ES17 2100 0900 9502 1138 2098.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

D. Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita.

3º.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/19.-
PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:

“Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2021/19 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 6 facturas ascende á cantidade de VINTE E TRES MIL DOUSCENTOS SESENTA E UN EUROS CON VINTE E UN CÉNTIMOS (23.261,21 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

Visto o informe emitido pola intervención municipal en relación á aprobación e pago das facturas incluídas na citada relación.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2021/19 así como **AUTORIZAR** o correspondente pagamento por importe bruto de 23.261,21 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”.

Examinada pola Xunta de Goberno Local, a relación de facturas así coma a proposta de Alcaldía, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a súa

aprobación.

4º.-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: PROXECTO DE ACOMETIDA ELÉCTRICA E BOMBEO NA CUBETA (MEIRÁS).-

Expte.- 2020/C003/000002

Proposta de Alcaldía:

“Aprobado o expediente de contratación da obra:”Proxecto de acometida eléctrica e bombeo en A Cubeta (Meirás); incluída no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS+ 1/2019), 2ª Fase e financiada ao 100% pola Deputación Provincial.

Proxecto redatado por José Manuel Saavedra Pantín, arquitecto técnico 978 COAATAC” cun importe total do proxecto: 41.649,24 euros (IVE incluído); IVE: 7.228,38€; prezo sen IVE: 34.420,86€.

Realizada a publicación da Licitación na Plataforma de Contratos do Estado e presentadas as ofertas, en sesión de 10.12.20 a Mesa de Contratación abriu e examinou a documentación do sobre “A”, resultando que das empresas presentadas requeriuse a unha delas presentación de documentación. Na sesión da Mesa de Contratación de 14 de xaneiro de 2021 examinouse a documentación requirida aportada resultando finalmente que todas as empresas licitadoras presentaron a documentación completa e correcta, quedando admitidas na licitación.

Tamén en sesión de data 14.01.21, a Mesa de Contratación celebra sesión para apertura das ofertas económicas, contidas no sobre “C”, e procede á valoración das ofertas, empregando o Programa de Valoración de Ofertas da Deputación Provincial da Coruña, empregando como prezo de licitación a cantidade do proxecto sen IVE: 34.420,86 euros, resultando:

CIF: B70033261 ARQUITECTURA REHABILITACION MADEIRA E CONSTRUCCION
SL:

100% - Factor prezo Valor introducido polo licitador: 30.840,38 Baixa (%).- 10,40.

Puntuación: 48,53

CIF: B15590581 ESQUEIRO, S.L.:

100% - Factor prezo Valor introducido polo licitador: 27.114,01 Baixa (%).- 21,23.

Puntuación: 79,02

CIF: A15352735 EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.:

100% - Factor prezo Valor introducido polo licitador: 30.806,67 Baixa (%).- 10,50.

Puntuación: 49,00

CIF: B36548873 FORMATESA LALIN S.L.:

100% - Factor prezo Valor introducido polo licitador: 22.125,65 Baixa (%).- 35,72
(temeraria) Puntuación: 100,00

CIF: B70057898 PROYMEL MONTAJES S.L.:

100% - Factor prezo Valor introducido polo licitador: 25.650,00 Baixa (%).- 25,48

Puntuación: 85,17

CIF: 44849273D RUBÉN JOSE NOYA MALLO :

100% - Factor prezo Valor introducido polo licitador: 32.395.,00 Baixa (%).- 5,89
Puntuación: 27,49

CIF: B70142369 TÉCNICA NORTE ELECTRICIDAD, S.L.:

100% - Factor prezo Valor introducido polo licitador: 24.999,10 Baixa (%).- 27,37
Puntuación: 87,91

De conformidade co estipulado no punto 15.4 dos pregos tipo de cláusulas administrativas particulares que rexen para a contratación mediante procedemento aberto (cun único criterio de adjudicación, factor prezo), das obras comprendidas nos plans provinciais,

A MESA por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

1.- EFECTUAR REQUERIMIENTO á empresa incurso en baixa temeraria

CIF: B36548873 FORMATESA LALIN S.L.:

100% - Factor prezo Valor introducido polo licitador: 22.125,65 Baixa (%).- 35,72
(temeraria) Puntuación: 100,00

para que dentro do prazo de CINCO DÍAS HÁBILES xustifique a oferta, acompañando a documentación e tendo en conta o que se refire no apartado 15.4.3 e 15.4.4. da presente cláusulas (15.4).

Realizado o correspondente requerimento á empresa incurso en baixa, presenta en prazo a documentación para a xustificación da baixa; que se remite en data 25.01.21 á oficina técnica de obras e urbanismo municipal, e o arquitecto técnico municipal en data 23.03.21 emite o informe que di:

“....

“1. Xustificación de prezos ofertados:

A. Materiais

A.1 Compra

- Carta de compromiso dos provedores*
- Prezos unitarios detallados*

A.2 Medios propios e/ou materiais de produción propia (canteiras, almacén ou similares)

- Relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado*

ou prezo de

venda ao público.

B. Maquinaria

B.1 Aluguer e/ou contratación

- Relación da maquinaria con indicación detallada dos prezos*

B.2 Medios propios

- Relación detallada da maquinaria*

C. Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico.

2. Volume de obra:

Neste caso deberá xustificarse polo licitador que presentou a oferta con presunción de anormalidade a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados.

3. Relación entre custo laborais fixos e volume de obra contratada:

Xustificarse mediante a achega da nómina e boletíns de cotización da seguridade social do persoal laboral ffixo e declaración responsable do persoal que adscribirá á obra obxecto de licitación.

4. *Cumprimento obrigacións salariais.*

Presentarse declaración e xustificación do cumprimento de obrigacións salariais cos traballadores derivadas de contratos e convenios colectivos.

5. *Relación de subcontratos programados e carta de compromiso de subcontratistas."*

IV. A empresa FORMATESA LALÍN SL, presentou unha memoria xustificativa o día 22.01.2021 (núm. rex. 20209990000097), **pouco adaptada** ao contido fixado no artigo 15.4.4 mencionado anteriormente.

A continuación faise un resumo da documentación presentada, seguindo a orde de contidos establecido nos propios pregos:

1. XUSTIFICACIÓN DE PREZOS OFERTADOS:

A empresa afirma que a oferta presentada basease na redución do prezo dos materiais, despois de contrastar numerosas ofertas dos seus provedores (apdo. 2.1). Tamén se basea pola disposición que ten a empresa dun camión-cesta adquirido no ano 2019, así como outro camión adquirido no 2020 (apdo. 2.5) e que a empresa ten experiencia na realización de traballos similares (apdo. 5).

A. Materiais:

A.1 Compra: Achégase no apdo. 2.1 "*Materiais*" a seguinte documentación:

- Oferta da empresa Xilem Water Solucións España SLU para o subministro das bombas, pero dirixida á empresa Dielectro Industrial, SA.
- Oferta da empresa Manuel Meijido Otero, SL para o subministro dos postes de formigón, liñas eléctricas e diferente material. Incorpórase compromiso de subministro.
- Oferta da empresa Dielectro Industrial SA, para o subministro do equipo de bombeo. Incorpórase compromiso de subministro.

A.2. Medios propios e/ou materiais de produción propia: Non se indican materiais de produción propia.

B. Maquinaria:

B.1 Aluguer:

- Non se indica alugamento de maquinaria.

B.2 Medios propios: No apartado 2.5 "*Maquinaria*" da memoria presentada, afirmase que a empresa posúe dous camiões para traballos en altura, achegando a documentación técnica dos mesmos, así como factura de adquisición. Para a realización da presente obra segundo o PPT necesítase a utilización de maquinaria para movemento de terras e dun camión grúa, que a empresa licitadora **non indica** se a ten en propiedade ou a alugará, afirmando ademais no apartado 6 que non subcontratará a execución de ningunha partida.

No apartado 3.5 relacionase outros vehículos, medios e ferramentas co que conta a empresa, como catro furgonetas e un vehículo todoterreo, sen achegar mais documentación.

C. Oferta detallada por unidades de obra: Achégase no apartado 4 "*Prezos unitarios*" unha relación de táboas de prezos **pouco adaptada** aos pregos de prescricións técnicas da presente obra.

2. VOLUME DE OBRA EN RELACIÓN COS MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS:

Non se indica a incidencia nos prezos ofertados, da relación existente entre as obras contratadas e os medios persoais e materiais. Porén no apdo. 5 “*Experiencia profesional*”, achégase un total de 5 certificacións de contratos de obra executados e en execución.

Neste mesmo apartado tamén se indica que a empresa conta con un contrato de mantemento do alumado público do concello de Beariz, afirmando que se achega e que dada a proximidade deste concello permite un importante aforro dos custes de desprazamento. Non obstante, dito contrato **non** se achega e o concello de Beariz **distans 170 km** do concello de Valdoviño, polo que dificilmente se podería considerar como un factor a ter en conta nos aforros de desprazamento.

3. RELACIÓN ENTRE CUSTOS LABORAIS FIXOS E VOLUME DE OBRA CONTRATADA:

Achégase a seguinte documentación no apdo. 2.4:

- Cálculo do custo dos traballadores en base ao convenio colectivo da provincia de Pontevedra.
- Resumo das nóminas do mes de decembro do cadro de persoal da empresa.
- Recibo de liquidación de cotizacións emitido pola Seguridade Social (mes de xullo).
- Relación nominal de traballadores emitido pola Seguridade Social.

No apdo. 3.4.1 relacionase o persoal que se adscribirá á obra, non obstante **non se achega declaración responsable xustificativa.**

4. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SALARIAIS:

Non se achega.

5. RELACIÓN DE SUBCONTRATOS:

Indícase que non se prevé a subcontración de ningún traballo (apdo. 6).

V. Como conclusión a todo o anterior, o técnico que asina este informe entende, no seu estricto ámbito de competencias, que na documentación presentada pola empresa FORMATESA LALÍN SL, **non queda xustificada** a oferta económica presentada consonte ao Prego de cláusulas administrativas particulares da presente obra, **polo que deberase seguir considerando como unha oferta economicamente desproporcionada.**

...”

Visto o informe técnico antedito, esta Alcaldía **PROPÓN** á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Considerando que a seguinte empresa licitadora en puntuación é.

CIF: B70142369 TÉCNICA NORTE ELECTRICIDAD, S.L.: Puntuación: 87,91; que presenta a oferta:

- a) Prezo sen IVE: 24.999,10 €
- b) Imposto sobre o valor engadido (IVE) 21 %: 5.249,81 €
- c) Total (a+b): 30.248,91 €

REQUERIR a dito licitador para que no prazo de **DEZ DÍAS HÁBILES** a contar dende o seguinte á aquel en que reciba a notificación, **PRESENTE** a documentación sinalada na cláusula 16.- Adxudicación; do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación; incluía a garantía definitiva (5% do importe de adxudicación, excluído o IVE; 1.249,95 euros);

aos efectos de poder serlle adxudicada a obra.

De conformidade co punto 16.2 do citado prego, de non cumprimentarse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderase que o proposto licitador retira a súa oferta procedendo a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte.

Segundo.- Notificar o presente acordo a TÉCNICA NORTE ELECTRICIDAD, S.L e a FORMATESA LALIN, S.L ” para o seu coñecemento e efectos.

Non obstante, a Xunta decidirá o que estime convinte”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da anterior proposta de Alcaldía.

PARTE DE ACTIVIDADE

5º.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PARA A SEGURIDADE DO COVID-19.-

Asistentes:

Alberto González Fernández - Presidente

Rosa Ana García López

Sergio Saavedra Gutiérrez

Alejandro Antonio Garcia Sousa

Jessica Sabín Fernández

Informa o alcalde de que na Orde do 24 de marzo de 2021 da consellería de Sanidade, no anexo II figura o nivel de restricción dos concellos; Valdoviño aparece como concello con nivel de restricción media-baixa figuran as normas para os niveis; tamén se anuncia a mobilidade por toda Galicia agás cos municipios no nivel de restricción máxima.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo rogos e preguntas

Sen ningún outro asunto a tratar , sendo as dez horas e vinte minutos a sesión remata e queda levantada polo Alcalde- Presidente , e coma Secretaria, estendo a presente acta e DOU FE.

Documento asinado dixitalmente á marxe pola Secretaria Municipal e polo Alcalde

